

## Rin rin

Eran as cinco da tarde do 3 de xullo de 1957 e o meu teléfono non paraba de soar. De súpeto vin como a morte estaba erguida na esquina do despacho, mentres me botaba esa mirada que xa coñezo tanto. Dábame moita mágoa o acontecido, claro que si, el era un bo rapaz e non merecía aquilo. Ninguén pode evitar cambiar o seu destino, pero, era ese o axeitado para el? Quen sabe... Cando collín o teléfono, non escoitei nada novo, pois xa sabía como acontecera todo. Entón levanteime e quitei as luvas para queimalas, non podía deixar ningunha pista. Mentres saía pola porta, sentín ese desprezo co que adoita mirarme a morte sempre que fago unha das miñas. E marchei de alí, sentindo unha profunda pero efémera pena.

Lucía Fernández Gándara 3ºC